

Expediente núm.: 722/2019

Memoria Xustificativa

Procedemento: Procedemento de Contratación, CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO: AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE TORTOREOS (AS PIAS, REGUENGO, CHAN, LIÑARES E REDONDELO) E AS NEVES BRUÑEIRAS (Proxecto número 1/2017)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1 Antecedentes: financiación do proxecto anualidade 2019

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
613/2017	Convocatoria de subvencións a proxectos singulares que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, polo Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda Dixital, reguladas no Real Decreto 616/2017, modificado polo RD 1516/2018. Número de proxecto IDAE:FEDER-EELL-2019-000537	Concesión de 83.112,24 euros	Resolución con rexistro de 11-8-2017

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
615/2019	Modificación de crédito, crédito extraordinario para aplicación do superavit orzamentario 2018	Aprobación inicial polo Pleno o 13-8-19 (Aplicación a este expediente do importe de 12.466,84 euros)	Publicación anuncio aprobación definitiva BOPPO 20/09/2019

2 Obxecto do contrato



O obxecto do contrato é a execución das obras correspondentes ao proxecto:

Proxecto: AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO PÚBLICO NAS ZONAS DE TORTOREOS (AS PIAS, REGUENGO, CHAN, LIÑARES E REDONDELO) E AS NEVES BRUÑEIRAS

Autor do Proxecto: Jorge Sequeirós Pereira

Orzamento con gastos de enxeñería: 103.890,30 euros.

Orzamento sen gastos de enxeñería: 100.551,10 euros

Inversión financeiramente sostible de conformidade co disposto nos artigos 3, 4, 11, 12, 13, 21, 23, 32 e Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e Real Decreto-lei 10/2019, de 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit das comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financieramente sustentables e se adoptan outras medidas en relación coas funcións de persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional.

3 Modalidade de contrato e procedemento de contratación

Este contrato ten a consideración de contrato administrativo de obras de conformidade co disposto nos arts. 13 e 25 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O procedemento de adxudicación será o procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 LCSP.

4 Xustificación da actuación

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local: “O Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

b) Medio ambiente urbano: en particular... protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

(...)”.

Ademáis, no artigo 26 do referido texto legal, establécese que “Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:



a) *En todos os municipios: alumado público...*

(...)"

5. Xustificación da non conveniencia de dividir en lotes o obxecto do contrato

De conformidade co artigo 99.3 LCSP o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente.

No proxecto que rixe esta licitación, consta expresamente:

“Visto el encuadre normativo, se justifica la no división en lotes en base a los siguientes puntos:

- Este contrato es objeto de una subvención del Ministerio de Transición Ecológica del Instituto para la Diversificación y Ahorro de Energía (IDAE), de conformidad con lo dispuesto en el decreto 616/2017, de 16 de junio, que regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan la transición hacia una economía baja en carbono dentro del marco del Programa Operativo FEDER para el Crecimiento Sostenible 2014-2022, publicado en el BOE No. 144 de 17 2017, por lo que, para cumplir con los requisitos de la solicitud presentada mediante expediente único, es necesario realizar una sola contratación.

- Disminuiría la eficiencia tanto en la preparación como en la ejecución del contrato desde el punto de vista técnico, ya que se necesitarían más trámites administrativos y la realización independiente de las diversas prestaciones comprendidas en el objeto del contrato resultaría en una baja eficiencia en la ejecución de este por posibles interferencias entre las distintas empresas, dada la simplicidad y la pequeña entidad de dichas prestaciones.

- La no división en lotes hace que la eficiencia y coordinación en la ejecución de las prestaciones sea mayor, aprovechando las economías de escala y optimizando el control y la ejecución global del contrato”

As Neves, na data da súa sinatura electrónica

Xosé Manuel Rodríguez Méndez
Alcalde-Presidente

